

**III. OUTRAS DISPOSICIÓN S****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT polo que se engade unha nova disposición transitoria ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo).*

O 26 de febreiro de 2021, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT acordaron engadir unha disposición transitoria terceira ao Acordo do 20 de xuño de 1995 sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto (texto refundido polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, *Diario Oficial de Galicia* núm. 131, do 11 de xullo).

Con base no disposto no artigo 38 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, procede ordenar a publicación da citada modificación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por todo o dito,

**ACORDO:**

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT polo que se engade unha disposición transitoria segunda ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e



Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias, como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

Jesús Manuel Álvarez Bértolo  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

#### ANEXO

Engádesse unha disposición transitoria terceira ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

No próximo mes de xuño do ano 2021 prevese o comezo do desenvolvemento dos procedementos selectivos de ingreso e acceso a distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 50, do 13 de marzo.

A situación epidemiolóxica actual motivada pola COVID-19 desaconsella a aplicación de medidas con repercusións negativas nos intereses daquelas persoas que, por diversas circunstancias, decidan non presentarse a estes procedementos selectivos.

Por esta razón, engádesse unha disposición transitoria terceira ao Acordo do 20 de xuño de 1995, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira

O persoal docente interino e substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia non estará obrigado a participar nos procedementos selectivos para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se realicen no ano 2021.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021».

